

GAÑADORA na categoría de PRIMARIA

NURIA COSTAS MISA

CEIP de Fontes-Baiña (Baiona)

UN GRAN CAMBIO

Nacín no campo; nótaseme ben. Gústame ver a alba e o solpor. Gústame o ruído das fervezas, xa que van ao compás dos paxaros. Gústame a calor do sol e o frescor do orballo...

A historia que vos quero contar comeza un día ao finalizar o verán, acórdome ben. Sorprendentemente dixéronme que ía á cidade. Foi tan de súpeto que non me puiden despedir de ninguén, aínda que me pareceu unha idea xenial! Ai, que equivocada estaba!

Sentíame nerviosa, ilusionada, con cóxegas na barriga. A viaxe foi longa. Nunca pensei que a cidade estivese tan lonxe. A miña sorte foi que ían moitos compañeiros e ademais fixen novos amigos no camiño. Todos levabamos as mesmas ilusións: unha nova vida, novas experiencias... Ai, que equivocados estabamos!

Ao chegar á cidade, comecei a sentir morriña. Xa non oía o canto dos paxaros, xa non ulía a herba fresca... Ía dun lado para outro sen saber onde remataría. Non estaba soa, os meus compañeiros estaban ao meu lado pero sentían o mesmo ca min.

Cando cheguei a esta casa falaban do partido de hoxe á noite: Celta contra Barça. Pensei que me gustaría velo, sen saber cal era o meu futuro. Non chegaría alá!

Estou aquí, dando voltas no microondas. A ver cando me converto nun floco de millo.